

# A COLECCIÓN DE OUIVERÍA ANTIGA DO MUSEO DE LUGO

Esta colección ten a súa orixe nas pezas recompiladas polo coleccionista Blanco Cicerón. Despois do seu falecemento, foron adquiridas e depositadas por Gil Varela no Museo de Lugo, en 1974, incrementando o seu número. En 2015 foi declarada Ben de Interese Cultural. No ano 2018, a Deputación de Lugo rematou a adquisición da totalidade da colección e procedeuse coa renovación museográfica.

A colección completa fórmana un total de 56 pezas: 44 da antiga colección Gil Varela ademais doutras 12 onde se amosa, ademais, material en bruto como as tortas áureas. Máis do 95% proceden do territorio galego e moitas delas son lucenses. O resto son pezas de orixe incerta ou descoñecida. Aínda que a súa descontextualización é destacada, na maioría dos casos hai referencias de procedencias, a pesar dalgunhas evidentes inconcrecións.

Características:

- **Cronoloxía.** As pezas máis antigas están datadas no Calcolítico ou nos inicios da Idade do Bronce e as máis modernas en época suevovisigoda, polo que falamos dun espazo temporal que vai dende o III milenio a. C. ata o s. VI d. C. O discurso expositivo é fundamentalmente diacrónico.
- **Técnica/tecnoloxía.** Os metalúrxicos/ourives prehistóricos que fabricaron estas xoias, desenvolvían técnicas complexas de elaboración (baleirado en molde, fundición á cera perdida) e decoración que, logo, se verán enriquecidas en época castrexa con achegas alóctonas coma o perfeccionamento da soldadura ou a filigrana e o granulado.
- **Estética/arte.** O gusto polo adorno persoal está constatado dende o Paleolítico a través do uso de obxectos con formas e materias raras e/ou valiosas. No repertorio decorativo e ornamental desta colección priman os motivos xeométricos (agás os patíños esquematizados dun fragmento de torques) sobre os figurativos, tal como se constata en toda a ourivería prerromana do NO peninsular.
- **Tipoloxías.** A variedade morfolóxica amosada nesta colección representa as principais formas da ourivería prerromana. Deste xeito, temos formas representativas da Idade do Bronce, como as láminas de tiras ou os brazaletes, e da cultura Castrexa onde destacan os torques (nas diferentes morfoloxías que adopta) e as arracadas (adornos de orella). Tamén se pode apreciar o cambio no gusto ou nas modas coas xoias tardoantigas de tradición xermánica ou en pezas claramente foráneas como o carneiro alado de Ribadeo.
- **Simbolismo.** As funcións destas xoias poden resumirse nunha soa finalidade: eran **bens de prestixio**, pero segundo o ámbito de estudo teñen distintos significados. No eido espiritual, foron nalgún momento da súa historia ofrendas rituais, depósitos votivos, distintivos de deuses ou formaron parte de enxovais funerarios. No eido social, xuntaban a súa exhibición de poder ou riqueza, como indicadores de xerarquía individual ou comunitaria, co propio ornato ou abaloiro. No eido económico, podían ser obxecto de intercambio, agasallo, como investimento e acumulación de riqueza ou, incluso, como medida de valor antes da chegada da moeda.

Todo este conxunto de xoias áureas, a maior parte macizas, expostas na Sala 8 do MPL, teñen unha orixe maiormente indíxena, aínda que con moitas achegas externas e cunha gran pervivencia temporal. Pero, ademais de xoias, son obxectos ou artefactos arqueolóxicos que nos proporcionan valiosa información en prol do coñecemento do noso patrimonio cultural.

Aurelia Balseiro García  
Museóloga e Directora do Museo Provincial de Lugo

# LA COLECCIÓN DE ORFEBRERÍA ANTIGUA DEL MUSEO DE LUGO

Esta colección tiene su origen en las piezas recopiladas por el coleccionista Blanco Cicerón. Después de su fallecimiento, fueron adquiridas y depositadas por Gil Varela en el Museo de Lugo, en 1974, incrementando el número de piezas. En 2015 fue declarada Bien de Interés Cultural. En el año 2018, la Diputación de Lugo finalizó la adquisición de la totalidad de la colección y se procedió con la renovación museográfica.

La colección completa la forman un total de 56 piezas: 44 de la antigua colección Gil Varela más otras 12 donde se muestra, además, material en bruto como las tortas áureas. Más del 95% proceden del territorio gallego y muchas de ellas lucenses. El resto son piezas de origen incierto o desconocido. Aunque su descontextualización es destacada, en la mayoría de los casos hay referencias de procedencias, a pesar de algunas evidentes inconcreción.

Características:

- **Cronología.** Las piezas más antiguas están datadas en el Calcolítico o en los inicios de la Edad del Bronce y las más modernas en época suevovisigoda, por lo que hablamos de un espacio temporal que va desde el III milenio a. C. hasta el s. VI d. C. El discurso expositivo es fundamentalmente diacrónico.
- **Técnica/Tecnología.** Los metalúrgicos/orfebres prehistóricos que fabricaron estas joyas, desarrollaban técnicas complejas de elaboración (vaciado en molde, fundición a la cera perdida...) y decoración que, luego, se verán enriquecidas en época castreña con aportaciones alóctonas como el perfeccionamiento de la soldadura, o la filigrana y el granulado.
- **Estética-arte.** El gusto por el adorno personal está constatado desde el Paleolítico a través del uso de objetos con formas y materias raras y/o valiosas. En el repertorio decorativo y ornamental de esta colección priman los motivos geométricos (excepto los patitos esquematizados de un fragmento de torques) sobre los figurativos, al igual que pasa en toda la orfebrería prerromana del NO peninsular.
- **Tipologías.** La variedad morfológica mostrada en esta colección representa las principales formas de la orfebrería prerromana. De este modo, tenemos formas representativas de la Edad del Bronce, como las láminas de tiras o los brazaletes, y de la cultura Castreña donde destacan los torques (en las diferentes morfologías que adopta) y las arracadas (adornos de oreja). También se puede apreciar el cambio en el gusto o en las modas con las joyas tardoantiguas de tradición germánica o en piezas claramente foráneas como el carnero alado de Ribadeo.
- **Simbolismo.** Las funciones de estas joyas pueden resumirse en una sola finalidad: eran **bienes de prestigio**, pero según el ámbito de estudio tienen distintos significados. En el campo espiritual, fueron en algún momento de su historia ofrendas rituales, depósitos votivos, distintivos de dioses o formaron parte de ajuares funerarios. En el campo social, juntaban su exhibición de poder o riqueza como indicadores de jerarquía individual o comunitaria, con el propio ornato o adorno. En el campo económico, podían ser objeto de intercambio, regalo, como inversión y acumulación de riqueza o, incluso, como medida de valor antes de la llegada de la moneda.

Todo este conjunto de joyas áureas, la mayor parte macizas, expuestas en la Sala 8 del MPL, tienen un origen mayormente indígena, aunque con muchos aportes externos y con una gran pervivencia temporal. Pero, además de joyas, son objetos o artefactos arqueológicos que nos proporcionan valiosa información en pro del conocimiento de nuestro patrimonio cultural.

Aurelia Balseiro García  
Museóloga e Directora do Museo Provincial de Lugo